

SANS SOLEIL

Chris Marker, 1983

1634

ESTREA EN NUMAX: 24.11.2025 | V.O.S.E. | 100 min

Tres nenos nunha estrada en Islandia, unha tripulación adormecida a bordo dun barco, un emú en Île de France, un fermoso rostro das illas Bijagos, un cemiterio de gatos ás aforas de Tokio, vagabundos en Namidabashi, os habitantes da Illa de Fogo, Cabo Verde, un carnaval en Bissau... Así inicia o relato unha muller descoñecida que le as cartas remitidas por un operador de cámara, Sandor Krasna, que a través do rexistro das imaxes das súas viaxes se interroga sobre a memoria e a función do recordo, "que non é o contrario do olvido, senón o seu oposto", para conformar, como Sei Shônagon, a súa particular listaxe de " cousas que fan bater o corazón".

O pase será presentado polo profesor e cineclubista Iván García Ambrunheiras.

«Quen descobre a Marker pode restituír a soberanía da súa mirada»

Roger Koza, CON LOS OJOS ABIERTOS



Entrevista con Chris Marker: «Interésame a política na medida en que representa a marca que a historia fai no presente»

Por Samuel Douhaire e Annick Rivoire

Cinema, foto–novelas, CD–roms, instalacións de vídeo... hai algún medio que non teña probado? Si, a acuarela opaca.

Por que aceptou a edición dalgúns dos seus filmes en DVD e como fixo a selección? Vinte anos separan *La Jetée* de *Sans Soleil*. E outros 20 anos separan *Sans soleil* do presente. Baixo estas circunstancias, se eu fora a falar en nome da persoa que fixo estas películas, xa non sería unha entrevista, senón unha sesión de espiritismo. De feito, nin penso que eu elixa ou acepte: alguén falou diso, e fíxose. Que había certa relación entre estas dúas películas era algo do que estaba ao tanto, pero que non pensaba que fose necesario explicar ata que atopei unha pequena nota anónima publicada nun programa en Tokio, que dicía: “Pronto a viaxe será nun final. Só aí saberemos entón se a xustaposición de imaxes ten sentido. Comprenderemos que rezamos no cinema, como un debe facelo nunha peregrinación, cada vez que estivemos en presenza da morte: no cemiterio de gatos, de pé fronte á xirafa morta, cos kamikazes no momento do despegue, fronte aos guerrilleiros mortos na guerra pola independencia. En *La Jetée*, o temerario experimento de mirar cara ao futuro remata en morte. Ao tratar o mesmo tema 20 anos máis tarde, Marker venceu á morte orando”. Cando un le isto, escrito por alguén que non coñeces, que probablemente non sabe nada de como se fan as películas, sentes unha particular emoción. Algo sucedeu.

Cando *Immemory*, o seu CD–rom, foi lanzado en 1999, vostede dixo que atopara o medio ideal. Que pensa do DVD? Co CD–rom, non é tanto a tecnoloxía o importante senón a arquitectura, a ramificación de árbore, a obra. A tecnoloxía DVD é excelente, pero non sempre é cinema. Godard estableceuno dunha vez por todas: no cinema, vostede levanta os ollos á pantalla; diante da televisión, báixaos. Logo está o papel da obturación. É a parte nocturna da sala de cinema a que fica connosco, a que fixa o noso recordo dunha película dunha maneira diferente da mesma película vista na televisión ou nun monitor. Con todo, acabo de ver *Un americano en París* na pantalla do meu iBook e estiven a piques de redescubrir a claridade que sentimos en Londres en 1952, cando a vin con [Alain] Resnais e [Ghislain] Cloquet durante a filmación d'*As estatuas tamén morren*.

A democratización dos medios do cinema seduce ao director de cinema socialmente comprometido que é vostede? Velaquí unha boa oportunidade para desfacerme da etiqueta que estivo pegada a min. Para moita xente, “comprometido” significa “política”, e a política, a arte do compromiso (que é como debería ser – se non hai compromiso só hai forza bruta, da que estamos a ver moi bos exemplos agora mesmo). O que me interesa é a historia, e a política interésame só na medida en que representa a marca que a historia fai no presente. Cunha curiosidade obsesiva (se me identifico con algún dos personaxes de Kipling, é co Neno Elefante das “Just–So Stories”, debido á súa insaciable curiosidade) sigo preguntándome: como se apaña a xente para vivir nun mundo así? E de aí é de onde vén a miña teima para ver como están as cousas. Durante moito tempo, aqueles que estaban mellor situados para ver o estado das cousas non tiñen acceso ás ferramentas para dar forma ás súas percepcións. E agora, de súpeto, existen estas ferramentas. É certo que para xente coma min é un soño feito realidade. Iso si, unha advertencia necesaria: a “democratización das ferramentas” implica moitas limitacións financeiras e técnicas, e non nos vai salvar da necesidade de traballo. Unha película sempre requirirá unha gran cantidade de traballo e vai precisar dunha poderosa razón para facela.



Na librería
NUMAX
numax.org/libreria

Chris Marker.
Photographie,
Créaphis

Chris Marker. Retorno a
la inmemoria del cineasta,
Fundació Tàpies

Chris Marker y La Jetée,
Antònia Escandell Tur.
Jekyll & Jill